

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OBRA, MAQUINARIA E XARDINERÍA PARA OBRAS MUNICIPAIS DURANTE O ANO 2008

I. CLÁUSULAS XERAIS

1. OBXECTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

O concurso ten por obxecto a contratación da subministración de material de obra, maquinaria e xardinería para as seguintes obras municipais previstas para o exercicio 2008 a realizar polo método de administración, de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 30/2007 de contratos do sector público:

- REVALORACIÓN ESPAZOS URBANOS AVDA. COMPOSTELA
- ACONDICIONAMENTO PISCINA MUNICIPAL
- OBRADOIRO PLAN ESPECIAL REGO DO CARBOEIRO

A relación de produtos, por lotes, é a que se establece no anexo I do Prego de Prescricións Técnicas.

Os produtos que deben ser subministrados divídense en 8 lotes que poderán ser adxudicados de maneira independente, se fora necesario. A división queda como segue:

- Lote 1: Pedra
- Lote 2: Formigón
- Lote 3: Carpintería Metálica
- Lote 4: Material de Construción
- Lote 5: Madeira
- Lote 6: Xardinería
- Lote 7: Aceiro
- Lote 8: Maquinaria de movemento de terras

A celebración do presente contrato deriva da necesidade de obter as subministracións necesarias para executar as obras enunciadas no presente contrato.

2. RÉXIME XURÍDICO

1.-O presente contrato de subministración ten carácter administrativo ao amparo do artigo 19 da Lei 30/2007 de contratos do sector público, e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos das Administracións Públicas e disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado. Igualmente terán carácter contractual e vincularán ao contratista as determinacións contidas na Memoria Técnica que presente no sobre C.

2.-As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos

poñerán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso Contencioso-Administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da dita xurisdición, tras a interposición, de ser o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

3. ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN

1.- O orzamento máximo de licitación e os orzamentos máximos unitarios de licitación dos bens a subministrar son os que se especifican no anexo 1 do cadro de características do contrato.


2.- Para todos os efectos, entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden, non só o prezo da subministración, senón tamén os gastos de transporte, entrega, ensaio, IVE e demais tributos que lle sexan de aplicación segundo as disposicións vixentes. No caso dos arrendamentos de maquinaria entenderase incluído tamén no prezo o operador, combustible, reparacións e repostos. Por conseguinte o contratista non poderá exixir cantidade ningunha por ningún concepto salvo o prezo convido.

3.- En todas as subministracións o número de unidades previstas teñen carácter indicativo, podendo a administración reducilas ou aumentalas ata o límite do crédito dispoñible para cada lote, sen que implique indemnización ningunha a favor do contratista.

4. FINANCIAMENTO

Para atender as obrigacións derivadas do presente contrato, existe crédito suficiente no orzamento da Corporación, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, de acordo co certificado de existencia de crédito da intervención municipal:

432.102.601.00	48.253,20 €
432.108.601.00	268.570,34 €
452.111.601.00	36.869,01 €



5. REVISIÓN DE PREZOS

Os prezos de contratación das subministracións comprendidas neste contrato, considerando o seu prazo de entrega non poderán ser obxecto de revisión en ningún caso e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

6. DURACIÓN

A duración do presente contrato comprenderá a duración das obras cuxo material serve, segundo o prazo de execución previsto nos correspondentes proxectos técnicos. En todo caso a duración máxima será dun ano contado desde a formalización do presente contrato.

O devandito período non poderá ser obxecto de prórroga.

II. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

7. MODALIDADE CONTRACTUAL

O sistema de adxudicación do presente prego será o de procedemento aberto previsto nos artigos 134 e 141 a 145 LCSP, tramitación ordinaria.



8. DOCUMENTACIÓN ESIXIDA

Para participar no procedemento, o licitador deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello, dentro do prazo sinalado no anuncio de licitación, tres sobres pechados (A, B e C), coa documentación que logo se especifica, indicando en cada un o concurso ao que se concorre, nome e apelidos de quen asina a proposición e o carácter con que o fai, todo iso de forma lexible.

No interior de cada sobre incluírase unha relación rubricada da documentación contida en cada un deles.

O licitador tamén poderá enviar os sobres aos a que se refire o parágrafo anterior por correo, dentro do prazo de admisión expresado no anuncio. Neste caso o licitador xustificará a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciará a este Concello a remisión da oferta mediante fax ou telegrama, ata as catorce horas do último día de presentación de ofertas. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición se é recibida por este organismo con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, no entanto, os dez días naturais seguintes á data indicada, sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Sobre (A) Proposición económica

Conterá a proposición, expresada conforme ao modelo que figura como anexo 1. Os licitadores poderán presentar oferta para todos ou algúns dos lotes en que se divide o presente contrato. En todo caso, deberán presentar oferta obrigatoriamente para a totalidade de materiais que compoñen os lotes.

Permítese un máximo de dúas variantes por material, os cales deberán ser identificados claramente como "Variante A" e "Variante B" na oferta económica e técnica do contratista.

Achegarase copia en CD do cadro de materiais ofertados, cos campos sinalados no anexo 1, en formato Folla de cálculo Excel ou similar.

Sobre (B) Capacidade para contratar.

Conterá os seguintes documentos.

1. Acreditación da solvencia técnica, mediante a presentación de calquera dos seguintes extremos:

A) Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas.

B) Relación das principais subministracións efectuadas durante os tres últimos anos, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado destes. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.



C) Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.

D) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

2. Acreditación da solvencia económica, mediante a presentación de todos os seguintes extremos:

A) Informe de institucións financeiras, ou no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

3. Os empresarios deberán acreditar a súa personalidade. Se se trata de empresario individual, presentará o Documento Nacional de Identidade. Se se trata de sociedades, deberá acompañarse copia autorizada ou testemuño da escritura de constitución e de modificación, no seu caso, debidamente inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose exixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable, se non o for, a acreditación realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade,



inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

Para o caso de presentación de unións temporais de empresarios fronte á Administración será necesario que os empresarios que desexen concorrer integrados nela indiquen os nomes e circunstancias dos que a constitúan, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, caso de resultar adxudicatarios.

Os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acreditarán a súa personalidade mediante a inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este rexistro sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo, ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do RGLCAP, en función dos diferentes contratos.

Os restantes empresarios non españois acreditarán a súa personalidade mediante certificación expedida pola respectiva representación diplomática española, na que se faga constar que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. Nestes supostos, ademais, deberá acompañarse informe da representación diplomática española sobre a condición de Estado signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio ou, en caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 23.1 da Lei de contratos das administracións públicas.

4. Cando o licitador non actúe en nome propio, ou se trata dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá presentar verificación de suficiencia (legal, suficiente e subsistente) ante a Secretaría do Concello.

5. Declaración responsable de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias ante as Facendas Estatal e da Comunidade Autónoma Galega e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

6. O órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire o artigo 91 LCSP, resolve non esixir garantía provisional.

7. Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias que incapacitan para contratar que se enumeran no artigo 49 LCSP, que se apreciarán segundo o disposto no artigo 50 desa mesma lei.



8. Nomeamento dun Delegado con capacidade de representación para todo o relacionado coa execución do contrato.

9. Os empresarios estranxeiros formularán na súa proposición, declaración solemne de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato.

10 Toda a documentación presentada deberá ser orixinal ou compulsada.

11. De acordo co establecido no artigo 35 apartado f da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os licitadores poderán substituír os documentos do sobre B aos que fai referencia os puntos 9.3.3, 9.3.4 e 9.3.5 e 9.3.7 por certificación que acredite a súa inscrición no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña ou ben cando a devandita documentación obre en poder do Concello, por ser adxudicatarios de contratos anteriores, e sempre que os devanditos documentos sigan vixentes, por

24 XULL. 2008
O Secretario,



certificación en tal sentido expedida pola secretaría do Concello.

Sobre (C) . Levará o título "Referencias Técnicas":

Conterá a documentación que xustifique o cumprimento das condicións técnicas especificadas no anexo de condicións técnicas, así como calquera outra mellora. Achegarase a ficha técnica de todos os produtos incluídos na oferta, tanto se se require mostra como se non, e das especies vexetais contidas no lote 6 se se presentase o certificado de procedencia e fitosanitario.

Nas árbores e arbustos, indicárase claramente o tamaño ou calibre ofertado e especie.

No lote 8 maquinaria, especificarase as características técnicas, marca e modelo, así como experiencia dos operadores e copia do seguro da máquina ou vehículo no que se demostre a súa vixencia e estar ao día no pagamento do devandito recibo (non se admitirán propostas). Terase en conta o número de unidades dispoñibles ofertadas coa finalidade de garantir o servizo, como en caso de avaría, etc.

Detallaranse as ofertas con claridade, e axustándose única e exclusivamente aos criterios de adxudicación referidos, pola contra, non serán obxecto de valoración.

O licitador poderá incluír a documentación que considere conveniente para o mellor entendemento do contido da súa proposta.

A devandita memoria xunto coa proposición económica serán os elementos a valorar de cara á adxudicación.



9. ACLARACIÓNS DAS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DAS SUBMINISTRACIÓNS SOLICITADOS

Os licitadores interesados poderán dirixirse ao órgano de contratación ata un prazo límite de cinco días naturais antes do remate de presentación de ofertas, para pedir aclaracións das características técnicas descritas no anexo das subministracións solicitados.

O órgano de contratación resolverá por escrito as devanditas dúbidas cando considerase razoablemente que a aclaración destas fose de interese xeral para a mellor definición das subministracións, sendo obxecto de publicación tales aclaracións no perfil do contratante e o taboleiro de anuncios da corporación e considerándose para todos os efectos parte integrante deste prego, ata unha data límite de dous días naturais antes do remate do prazo de presentación de ofertas.

Non serán obxecto das ditas aclaracións nin poderán ser variados mediante este procedemento os materiais, prezos unitarios máximos nin as unidades a fornecer.

10. MESA DE CONTRATACIÓN

SECRETARÍA DO
24 XULL. 2008
Secretario,

A Mesa de Contratación estará composta por:
Presidente: alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue.
Vogais:
Concelleiro de Obras e Servizos ou concelleiro en quen delegue.
Secretario do Concello.
Interventor do Concello.
Técnico competente do Concello.
Secretario: Funcionario da corporación debidamente capacitado.

11. APERTURA DE PROPOSICIÓN

A Mesa de Contratación, previamente ao acto de apertura de proposicións económicas, en acto interno, examinará e cualificará formalmente a documentación contida no sobre B, e se estes conteñen todo o esixido por este prego ou existen omisións determinantes da exclusión ou defectos materiais emendables.

Os resultados desta cualificación previa da documentación presentada, así como todos os actos posteriores da mesa de contratación, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante do concello, para os efectos da notificación prevista nos artigos 59 e seguintes da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Para a emenda dos defectos materiais observados concederáse, se a Mesa de Contratación o estima conveniente, un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador corrixa o erro. O cómputo do devandito prazo comezará o día hábil inmediatamente posterior á antedita publicación no taboleiro de anuncios.



A Mesa de Contratación, o 4º día hábil que caso de ser sábado, pasarase ao día hábil inmediatamente seguinte, que contará desde a publicación da acta de apertura da documentación administrativa, en acto público, procederá ás 14:00 horas a dar conta das empresas excluídas e a causa da súa exclusión así como á apertura dos sobres "A" e "C".

12. CRITERIOS DE VALORACIÓN

A valoración das propostas dos licitantes farase de acordo cos seguintes criterios:

A) Ata 100 puntos pola mellora da oferta económica, calculada da seguinte maneira:

- De 0 a 10 puntos porcentuais de baixa global sobre os prezos unitarios máximos definidas no anexo, 1,5 puntos por cada un.
- De 11 puntos porcentuais de baixa global en adiante sobre as tarifas máximas definidas no anexo, 2 puntos por cada un.

da Alcaldía do
24 XULL/2008
O Secretario,

As fracciones non serán consideradas.

B) Ata 50 puntos pola calidade técnica dos produtos ofertados, redución de prazos de entrega e prestacións accesorias que teñan que ver co obxecto do contrato.

13. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

A Mesa de Contratación formulará proposta de adxudicación do contrato ao licitador ou licitadores que obtivesen a maior puntuación, ou decláralo deserto se ningunha das ofertas presentadas reunise os requisitos esixidos.

De acordo co disposto no artigo 136 LCSP e 67.2 k) do RD 1098/2001 considerarase como oferta con valor anormal ou desproporcionado no prezo ofertado, cando a media das tarifas ofertadas sexa inferior nun 70 % ás tarifas previstas no presente prego.

14. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

Á vista da proposta da Mesa de Contratación, será ditada polo Órgano de Contratación acordo de adxudicación provisional ou declarar deserto o procedemento, notificándose aos licitadores e sendo obxecto de publicación no perfil do contratante.

Os adxudicatarios, a contar desde o día seguinte ao da notificación da adxudicación obríganse a:

- a) Constituír, no prazo de 15 días hábiles, unha garantía definitiva dun 5 % do prezo global de adxudicación dos lotes adxudicados.
- b) Presentar, no prazo máximo de cinco días hábiles, as certificacións ás que se refiren o artigo 15 do Regulamento de contratación respecto das obrigacións tributarias e de Seguridade Social contempladas nos artigos 13 e 14 do citado regulamento, se para acreditar o cumprimento das ditas obrigas adoptárase inicialmente pola presentación dunha declaración responsable.

15. ADXUDICACIÓN DEFINITIVA


A adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva dentro dos quince días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo sinalado no artigo anterior a contar desde a súa publicación no perfil do contratante, sempre que os adxudicatarios presenten a documentación sinalada e constituído a garantía definitiva.

Cando non proceda a adxudicación definitiva do contrato ao licitador que resultase adxudicatario provisional por non cumprir este as condicións necesarias para iso, antes de proceder a unha nova convocatoria a administración poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que queden clasificadas as súas ofertas, sempre que iso fose posible

Resolución
da Alcaldía do

24 XULL. 2008

O Secretario,



ORSO
CONCELLO DE

e que o novo adxudicatario preste a súa conformidade, nese caso concederase a este un prazo de dez días hábiles para cubrir o sinalado no artigo anterior.

16. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do acordo levarase a cabo dentro dos 10 días hábiles seguintes ao recibo da notificación da adxudicación definitiva e de acordo co establecido no artigo 140 da Lei de contratos do sector público.

Serán de conta do contratista os gastos da publicación de anuncios na prensa e nos diarios ou boletíns oficiais ata un máximo de 1.500 euros e demais gastos ou impostos necesarios para a prestación do servizo.

IV. EXECUCIÓN DO CONTRATO

17. PRAZO E LUGAR DE ENTREGA DOS MATERIAIS

As subministracións obxecto do presente contrato serán entregados a pé de obra, no prazo máximo de cinco días hábiles desde que se reciba a folla de petición que figura como anexo do presente prego, asinada polo director de obra.

A partir do momento en que o material sexa entregado empezará a contar os períodos de garantía.

Os produtos nos que se deban realizar correccións como consecuencia de erros ou defectos deberán ser substituídos por outros correctos no prazo máximo de cinco días, sendo por conta do adxudicatario todos os gastos derivados diso.

Calquera que sexa o tipo de fornezo o adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración, salvo que esta incorrera en mora para recibilos.

18. COMPROBACIÓNS DE MATERIAIS SUBMINISTRADOS

A administración ostenta as facultades previstas no artigo 271 LCSP. En particular resérvase o dereito de efectuar cantas comprobacións, estime conveniente das calidades dos bens durante a súa fabricación e procedemento a seguir no recoñecemento do fornezo ao tempo da entrega. Para estes efectos un facultativo da administración poderá en calquera momento durante o proceso de fabricación e sen previo aviso, efectuar in situ o control das materias primas coa finalidade de comprobar se as mesmas corresponden ao material ofertado polo empresario, levantado no seu caso, acta de non conformidade, que poderá dar lugar á resolución do contrato e/ou imposición de penalidades.


CONCELLO D OROSO

Resolución por Resolución da Alcaldía do

24 XULL. 2008

O Secretario,

A administración resérvase o dereito de rexeitar as subministracións que non cumprisen os estándares de calidade esixidos, sendo de conta do contratista os gastos necesarios para a súa retirada da obra e os riscos derivados da súa conservación.

19. UTILIZACIÓN DA MAQUINARIA DE OBRAS

A utilización da maquinaria farase por pedido do director de obra cunha antelación mínima de 48 horas, indicando a duración aproximada da duración dos traballos.

O horario de traballo será o vixente no concello de Oroso de 8:00 a 15:00 horas e, excepcionalmente, fóra del en caso necesario. Igualmente, poderá suspenderse o servizo, tras o aviso do día anterior por falta de traballo, inclemencias do tempo, etc.

Levaranse follas de control no formato indicado no anexo do presente prego para o control do número de horas de traballo efectivo das máquinas, tendo en conta que só se computarán como tempo efectivo de traballo para efectos de facturación, as horas reais de traballo realizadas no traballo, non considerándose como tales os desprazamentos ata a obra e o tempo de descanso que medie entre cada xornada laboral.

Os condutores da maquinaria deberán ter demostrada pericia, de tal modo que se a xuízo dos responsables da obra, o maquinista non ten a pericia suficiente, este haberá de ser substituído por outro en prazo máximo de 24 horas.


Na execución dos traballos o contratista seguirá as instrucións do director de obra, cumprindo estritamente a normativa de prevención de riscos laborais, sendo responsable dos danos e perdas ocasionados pola infracción dos devanditos preceptos ao concello, ao resto dos traballadores e terceiros.

20. PAGAMENTOS

O adxudicatario terá dereito ao pagamento do prezo acordado no contrato, para o que deberá emitir a correspondente factura de acordo cos prezos unitarios e unidades efectivamente fornecidas en cada pedido, acompañando inescusablemente á mesma copia da folla de pedido ou folla de control de maquinaria asinada polo director de obra e albará de entrega.

O importe e concepto da factura deberá coincidir coa folla de pedido, figurando no concepto claramente a obra á cal vai dirixida o fornezo, sen que se poidan refundir nunha factura subministracións pertencentes a distintas obras ou diferentes pedidos.

O pagamento farase por transferencia bancaria, no prazo máximo sinalado no



artigo 200 da Lei de contratos do sector público, contado o devandito prazo desde a entrada da correspondente factura no rexistro xeneral do concello, sempre que fosen aceptados as subministracións polo concello nos remates do presente prego e a factura contivese os extremos esixidos na normativa e o presente prego.

21. PENALIDADES E SANCIÓN S

O incumprimento do presente prego, o prego de cláusulas técnicas ocasionará as seguintes sanción es, ademais das contempladas na Lei de contratos do sector público:

a. De acordo co artigo 196.4 LCSP, polo retraso na entrega das subministración s ou substitución dos defectuosos ao Concello respecto aos prazos contemplados no presente prego:

- 100 € por día ou fracción, do cuarto ao sétimo día.
- 300 € por día ou fracción a partir do sétimo día.

A constitución en mora no requirirá interpelación ou intimación previa por parte da Administración.

b. Polo incumprimento das ordes do director técnico da obra sobre instalación ou entrega das subministración s, multa de 250 a 1.000 euros por cada incumprimento.

Para a imposición das correspondentes sanción s, instruirase o correspondente expediente que constará das seguintes fases:



- Proposta de Alcaldía de sanción polas causas correspondentes.
- Audiencia de cinco días hábiles ao contratista para formular alegación s.
- Resolución de Alcaldía, impondo no seu caso a sanción correspondente.

O importe das sanción es poderá ser compensado de oficio de forma automática da cantidade a satisfacer ao contratista polos seus servizos.

A alcaldía terá en conta á hora de imponer as sanción es a intencionalidade do contratista, a reiteración das condutas e en definitiva a gravidade dos danos ocasionados ao Concello.

22. INDEMNIZACIÓN DE DANOS E PERDAS

O contratista indemnizará ao concello ou a terceiros polos danos ocasionados derivados da execución defectuosa das súas obrigación s.



CONCELLO DE OROSOS

Os devanditos danos serán taxados polo técnico competente designado polo Concello, seguindo o procedemento establecido no artigo anterior.

23. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

O contrato celebrado poderá ser obxecto de modificación nos termos do artigo 202 LCSP.

Para iso, se fose necesario unha subministración de máis unidades das previstas inicialmente, tomarase como base para o cálculo do valor das posibles modificacións os prezos unitarios ofertados polo contratista.

V. EXTINCIÓN DO CONTRATO


24. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Ademais das causas de resolución do contrato establecidas nos artigos 206 e 275 LCSP, o presente contrato poderá resolverse, a instancia da propia administración:

1. Cando o importe das sancións económicas impostas ao contratista superen a cantidade de 2.000 euros.

25. DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA

Unha vez finalizado o prazo de duración do contrato, abriase un prazo de garantía de seis meses desde a finalización deste. Finalizado o mesmo, procederase á devolución desta se non existisen reparos nos termos do artigo 274 LCSP.



O Secretario,

Aprobado por Resolución
da Alcaldía do
24 XULL. 2008

24 XULL. 2008

O Secretario,

ANEXO 1: UNIDADES A SUBMINISTRAR

LOTE 1 – PEDRA

CÓDIGO MATERIAL	MATERIAL	PREZO UNITARIO	IVE	UNIDADES	TotalSenIVE	TotalIVE	TotalconIVE
1	m. Albardilla p.gran.labrada 40x10 cm	16,73 €	2,68 €	132,380	2.214,72 €	354,35 €	2.569,07 €
2	m. Bord.grani.mecan.abuxar.14-12x25	37,29 €	5,97 €	131,220	4.893,19 €	782,91 €	5.676,10 €
3	m2 Lastro granito 10x10x10 cm	27,86 €	4,46 €	12,890	359,12 €	57,46 €	416,57 €
4	m2 Lousa granito gris abuxard. 4 cm	54,41 €	8,71 €	326,370	17.757,79 €	2.841,25 €	20.599,04 €
5	m3 Pedra granit.mamp.conc/care	142,48 €	22,80 €	30,979	4.413,89 €	706,22 €	5.120,11 €
6	m2 Lastro granito Roa Silvestre 15x10x10 cm Acabado Abuxardado	22,88 €	3,66 €	461,000	10.547,68 €	1.687,63 €	12.235,31 €
7	m3 Pedra pedraplen esquistu duro >0,25m3/UD	114,40 €	18,30 €	55,730	6.375,51 €	1.020,08 €	7.395,59 €
8	m3 Pedra mampostería esquistu micaceo natural con al menos una cara	166,40 €	26,62 €	36,860	6.133,50 €	981,36 €	7.114,86 €
9	m3 ZAHORRA DE CANTEIRA EXTRAÍDA POR ARRANQUE DIRECTO GRADACIÓN MEDIA	4,07 €	0,65 €	913,920	3.716,36 €	594,62 €	4.310,98 €
	Total xeral				56.411,77 €	9.025,88 €	65.437,65 €

LOTE 2 – FORMIGÓN

CÓDIGO MATERIAL	PREZO	IVE	UNIDADES	TotalSenIVE	TotalIVE	TotalconIVE
-----------------	-------	-----	----------	-------------	----------	-------------

Aprobado por Resolución
da Alcaldía do 7
24 XULL 2018

O Secretario,

MATERIAL	UNITARIO					
10	m3 Formigón HA-25/P/20/I central	83,70 €	13,39 €	179,962	15.062,82 €	2.410,05 €
11	m3 Formigón HM-20/P/20/I central	37,70 €	6,03 €	42,592	1.605,72 €	256,91 €
12	m3 Formigón HM-20/P/40/I central	80,69 €	12,91 €	2,415	194,87 €	31,18 €
	Total xeral				16.863,40 €	2.698,14 €

LOTE 3 – CARPINTERÍA METÁLICA

CÓDIGO MATERIAL	MATERIAL	PREZO UNITARIO	IVE	UNIDADES	TotalSenIVE	TotalIVE	TotalconIVE
13	m. Premarco aluminio	5,90 €	0,94 €	144,640	853,38 €	136,54 €	989,92 €
14	m. Varanda 90 cm. tubo vert. 20x20x1	69,08 €	11,05 €	9,760	674,22 €	107,88 €	782,10 €
15	m2 Glimalit Silence 4+4/12/12	92,10 €	14,74 €	39,737	3.659,78 €	585,56 €	4.245,34 €
16	m2 Fiestras basculantes >1 m2<2 m2	217,31 €	34,77 €	36,160	7.857,93 €	1.257,27 €	9.115,20 €
17	m2 Reixa metálica	10,00 €	1,60 €	198,570	1.985,70 €	317,71 €	2.303,41 €
	Total xeral				15.031,00 €	2.404,96 €	17.435,96 €

LOTE 4 – MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN

CÓDIGO MATERIAL	MATERIAL	PREZO	IVE	CANTIDADE	TotalSenIVE	TotalIVE	TotalconIVE
18	Total kg Arame atar 1,30 mm.	1,37 €	0,22 €	7,625	10,45 €	1,67 €	12,12 €
19	Total kg Area caliza machaq-sacos 0,3 mm	0,33 €	0,05 €	25,780	8,51 €	1,36 €	9,87 €
20	Total kg Masilla ultrafina acabados	1,35 €	0,22 €	13,740	18,55 €	2,97 €	21,52 €

Aprobado por Resolución
da Alcaldía do 7

24 XULL. 2008

Secretario,

21	Plasmont Total kg Microesferas vidro tratadas	0,87 €	0,14 €	12,224	10,63 €	1,70 €	12,34 €
22	Total kg Pintura acrílica en base acuosa	1,42 €	0,23 €	18,336	26,04 €	4,17 €	30,20 €
23	Total kg Substrato vegetal fertilizado	0,65 €	0,10 €	15.258,500	9.918,03 €	1.586,88 €	11.504,91 €
24	Total l. E. fixadora moi penetrante obra/mad e/int	7,59 €	1,21 €	24,860	188,69 €	30,19 €	218,88 €
25	Total l. P. p. vinil. ext/int Ibersat Plus	6,34 €	1,01 €	47,658	302,15 €	48,34 €	350,50 €
26	Total l. P. pl. vinílica b/col Vinilmat Superblanco	2,31 €	0,37 €	54,960	126,96 €	20,31 €	147,27 €
27	Total m. Cerco directo p.melix M. 70x50mm	6,60 €	1,06 €	148,500	980,10 €	156,82 €	1.136,92 €
28	Total m. Cond. ríxi. 750 V 16 mm2 Cu	1,92 €	0,31 €	91,980	176,60 €	28,26 €	204,86 €
29	Total m. Cond.aisla. RV-k 0,6-1kV 2x2,5 mm2 Cu	7,84 €	1,25 €	12,000	94,08 €	15,05 €	109,13 €
30	Total m. Cond.aisla. RV-k 0,6-1kV 6 mm2 Cu	0,96 €	0,15 €	367,920	353,20 €	56,51 €	409,72 €
31	Total m. Conduc cobre desnudo 35 mm2	2,00 €	0,32 €	6,000	12,00 €	1,92 €	13,92 €
32	Total m. Selado con silicona neutra	0,86 €	0,14 €	253,120	217,68 €	34,83 €	252,51 €
33	Total m. Tubo ríxido PVC D 110 mm.	3,49 €	0,56 €	91,980	321,01 €	51,36 €	372,37 €
34	Total m3 Morteiro cem. gris II/B-M 32,5 M- 5/CEM	63,58 €	10,17 €	4,837	307,54 €	49,21 €	356,74 €
35	Total mud Ladrillo perforado toscó 24x11,5x7 cm.	104,17 €	16,67 €	0,185	19,27 €	3,08 €	22,35 €

Aprobado por Resolución
da Alcaldía do

24 XULL 2008

O Secretario,

36	Total t. Area de río 0/6 mm.	11,50 €	1,84 €	219,364		2.522,69 €	403,63 €	2.926,32 €
37	Total t. Árido machaqueo 0/6 D.A.<30	8,57 €	1,37 €	24,750		212,11 €	33,94 €	246,04 €
38	Total t. Árido machaqueo 12/18 D.A.<30	8,14 €	1,30 €	4,500		36,63 €	5,86 €	42,49 €
39	Total t. Árido machaqueo 6/12 D.A.<30	8,57 €	1,37 €	437,000		3.745,09 €	599,21 €	4.344,30 €
40	Total t. Cal hidratada a granel S	71,10 €	11,38 €	4,863		345,76 €	55,32 €	401,08 €
41	Total t. Cemento CEM II/B-P 32,5 N sacos	98,19 €	15,71 €	56,987		5.595,55 €	895,29 €	6.490,84 €
42	Total t. Escoria granulada de alto forno	9,08 €	1,45 €	91,369		829,63 €	132,74 €	962,37 €
43	Total t. Garbancillo 4/20 mm.	12,96 €	2,07 €	2,102		27,24 €	4,36 €	31,60 €
44	Total t. Zahorra artif. ZA(40)/ZA(25) 75%	7,29 €	1,17 €	834,258		6.081,74 €	973,08 €	7.054,82 €
45	Total ud Arq.cadrada poliprop..35x35x60cm s/fondo	31,59 €	5,05 €	4,000		126,36 €	20,22 €	146,58 €
46	Total ud Bloque formigón gris 40x20x15	0,66 €	0,11 €	2.065,180		1.363,02 €	218,08 €	1.581,10 €
47	Total ud Caixa conexión con fusibles	6,04 €	0,97 €	3,000		18,12 €	2,90 €	21,02 €
48	Total ud Cerco 40x40 cm. y tapa fundición	14,98 €	2,40 €	3,000		44,94 €	7,19 €	52,13 €
49	Total ud Codo PVC 90° DN=100 mm.	6,29 €	1,01 €	3,000		18,87 €	3,02 €	21,89 €
50	Total ud Pernio latón 80/95 mm. codillo	0,70 €	0,11 €	81,000		56,70 €	9,07 €	65,77 €
51	Total ud Perno ancoraxe D=1,4 cm. L=30 cm.	1,31 €	0,21 €	9,000		11,79 €	1,89 €	13,68 €
52	Total ud Pica de t.t.	15,82 €	2,53 €	3,000		47,46 €	7,59 €	55,05 €

Aprobado por Resolución
da Alcaldía do

24 JUL 2008

0800000000

65	MADEIRA OKUME Total m2 ENCOFRADO METALICOMURO<3,5 M DÚAS CARAS	18,50 €	2,96 €	16,00 €	296,03 €	47,36 €	343,39 €
66	Total kg TRATAM. PROTECTOR MADEIRA TIPO XOLAMON FONDO OU SIMILAR	26,00 €	4,16 €	21,80 €	566,80 €	90,69 €	657,49 €
67	Total kg VERNIZ SATINADO MADEIRA Total ud REIXA E CERCO FUNDICIÓN 30X30	36,40 €	5,82 €	20,00 €	728,00 €	116,48 €	844,48 €
68	Total m2 PLACA FIBROCEMENTO GRANONDA GRIS	43,13 €	6,90 €	1,00 €	43,13 €	6,90 €	50,03 €
69	Total m2 TELLA CERÁMICA CURVA E GANCHOS	5,68 €	0,91 €	32,48 €	184,43 €	29,51 €	213,94 €
70	Total ml TUBO POLIETILENO 10 AT 32 MM	5,35 €	0,86 €	32,48 €	173,63 €	27,78 €	201,41 €
71	Total m2 BALDOSA CERÁMICA GRES 40X20 1ª CALIDADE	1,24 €	0,20 €	662,98 €	820,50 €	131,28 €	951,78 €
72	Total m2 AZULEXO BRANCO 15X15, 1ª CALIDADE	10,33 €	1,65 €	16,00 €	165,24 €	26,44 €	191,67 €
73	Total ud LADRILLO HD 24*12*8	5,39 €	0,86 €	36,64 €	197,39 €	31,58 €	228,97 €
74	Total HERRALES PORTA MADEIRA	0,07 €	0,01 €	571,36 €	41,60 €	6,66 €	48,25 €
75	Total HERRALES PORTA MADEIRA	130,00 €	20,80 €	3,00 €	390,00 €	62,40 €	452,40 €

24 XULL. 2008

o Secretario,

76	ACABADO PINTADO NEGRO	218,76 €	35,00 €	1,00 €	218,76 €	35,00 €	253,77 €
77	Total ud FONTE ORNAMENTAL GRANITO GRIS MONDARIZ 40X30X25 CM	218,76 €	35,00 €	1,00 €	218,76 €	35,00 €	253,77 €
77	Total ud VÁLVULA COMPORTA CERRE METAL 32MM	40,16 €	6,43 €	6,00 €	240,99 €	38,56 €	279,55 €
78	Total ud ASPERSOR EMERGENTE 1500L/H	26,00 €	4,16 €	20,00 €	520,00 €	83,20 €	603,20 €
79	Total ud DIFUSOR EMERXENTE REGO 500 L/H	15,60 €	2,50 €	10,00 €	156,00 €	24,96 €	180,96 €
80	Total ud ELECTROVALVULA REGO 2"	36,40 €	5,82 €	10,00 €	364,00 €	58,24 €	422,24 €
81	Total ud PROGRAMADOR REGO 5 ESTACIONES	130,00 €	20,80 €	2,00 €	260,00 €	41,60 €	301,60 €
82	Total ud ARQUETA PLÁSTICA REGO 200*300*200	36,40 €	5,82 €	15,00 €	546,00 €	87,36 €	633,36 €
83	Total ud VÁLVULA COMPORTA CERRE METAL 50 MM	41,72 €	6,68 €	15,00 €	625,87 €	100,14 €	726,01 €
84	Total ml TUBO POLIETILENO 10 AT 40 MM AC	1,27 €	0,20 €	1.373,04 €	1.742,11 €	278,74 €	2.020,85 €
85	Total kg Emulsión asfáltica ECL-1	0,24 €	0,04 €	412,850	99,08 €	15,85 €	114,94 €
86	Total kg Fuel-oil pesado 2,7 S tipo 1	0,42 €	0,07 €	225,000	94,50 €	15,12 €	109,62 €
87	Total m2 Malla 15x15x6	2,02 €	0,32 €	583,218	1.178,10 €	188,50 €	1.366,60 €

Aprobado por Resolución
da Alcaldía do

24 XULL. 2008

O Secretario,

	-2,792 kg/m2													
88	Total ud Banco modelo norte	171,00 €	27,36 €	2,000		342,00 €	54,72 €				396,72 €			
89	Total ud Columna recta galva. pint. h=3,5 m.	106,40 €	17,02 €	3,000		319,20 €	51,07 €				370,27 €			
90	Total ud Lámp. VSAP tubular 150 W.	13,93 €	2,23 €	3,000		41,79 €	6,69 €				48,48 €			
91	Total ud Lumi.alum.viario fun.ci.vídrío VSAP 150W.	1.454,57 €	232,73 €	3,000		4.363,71 €	698,19 €				5.061,90 €			
92	Total ud P.paso CLH melamina s/emoquill.	52,53 €	8,40 €	27,000		1.418,31 €	226,93 €				1.645,24 €			
93	Total ud Papeleira bascul.simple en poste 40 l	70,00 €	11,20 €	2,000		140,00 €	22,40 €				162,40 €			
94	Total ud Reixa/Marco FD D=300x400x30	39,66 €	6,35 €	1,000		39,66 €	6,35 €				46,01 €			
	Total xeral					66.842,97 €	10.694,88 €				77.537,85 €			

LOTE 5 - MADEIRA

CODIGO MATERIAL	MATERIAL	PREZO UNITARIO	IVE	UNIDADES	TotalSenIVE	TotalIVE	TotalconIVE
95	M3 MADEIRA ENCOFRAR TÁBOA PINO 100X22 MM	62,50 €	10,00 €	70,95	4.434,66 €	709,55 €	5.144,20 €
96	M2 TABOA CASTAÑO 100X22 MM	70,72 €	11,32 €	21,9	1.548,77 €	247,80 €	1.796,57 €
97	M2 TALÓN CASTAÑO 100X40 MM	88,40 €	14,14 €	183,8	16.247,92 €	2.599,67 €	18.847,59 €
98	ML MADEIRA TRATADA CERCADO 1M,INL. POSTE Y ENLACES HORIZONTAIS	6,64 €	1,06 €	215,6	1.430,55 €	228,89 €	1.659,44 €

24 XULL. 2008

Secretario,

99	M3 Táboa 2400x25x125 mm Pino Vermello Tratado Exteriores	754,00 €	120,64 €	1,775	1.338,35 €	214,14 €	1.552,49 €
100	M3 Táboa 3000x25x225 mm Pino vermello Tratado Exteriores	754,00 €	120,64 €	3,375	2.544,75 €	407,16 €	2.951,91 €
101	M3 Taboleiro 4400x50x125 mm Pino vermello Tratado Exteriores	754,00 €	120,64 €	15,125	11.404,25 €	1.824,68 €	13.228,93 €
102	M3 Taboleiro 3000x100x225 mm Pino vermello Tratado Exteriores	754,00 €	120,64 €	17,955	13.538,07 €	2.166,09 €	15.704,16 €
103	M3 Viga 4000x250x200 mm Pino vermello Tratado Exteriores	754,00 €	120,64 €	4	3.016,00 €	482,56 €	3.498,56 €
104	M3 Viga 6000x250x200 mm Pino vermello Tratado Exteriores	754,00 €	120,64 €	1,2	904,80 €	144,77 €	1.049,57 €
105	M2 TARIMA PINO LARICIO FINLANDÉS TRATADO,100*40 MM	4,39 €	0,70 €	525,6	2.306,75 €	369,08 €	2.675,83 €
106	ML POSTE MADEIRA 15CM TRATADO PUNTA LANZA	2,65 €	0,42 €	18	47,74 €	7,64 €	55,37 €
	Total xeral				58.762,61 €	9.402,02 €	68.164,62 €

Aprobado por Resolución
da Alcaldía do

24 XUL, 2008

Secretario,

LOTE 6 – XARDINERÍA

CODIGO MATERIAL	MATERIAL	PREZO UNITARIO	IVE	UNIDADES	TotalSenIVE	TotalIVE	TotalconIVE
107	M2 SEMENTE CÉSEPE DEPORTIVO 1º CALIDADE(R. GRASS-30%, FESTUCA-25% POA 15%, OUTRAS 30%	0,78 €	0,12 €	10005	7.803,90 €	1.248,62 €	9.052,52 €
108	KG FERTILIZANTE QUIMICO tipo 15-15-15	2,77 €	0,44 €	1525,6	4.220,42 €	675,27 €	4.895,69 €
109	UD ARBORE XARDINEIRO MEDIANO (1,5M)	18,91 €	3,03 €	178	3.365,48 €	538,48 €	3.903,96 €
110	UD ARBORE ORNAMENTAL PEQUENO(<0,5M)	1,56 €	0,25 €	534	833,04 €	133,29 €	966,33 €
111	UD ARBORE AUTOCTONO MAIOR (3 M)	13,12 €	2,10 €	143	1.876,85 €	300,30 €	2.177,14 €
112	UD ARBORE PORTE MINIMO 1M	0,34 €	0,05 €	143	49,08 €	7,85 €	56,93 €
113	KG HUMUS XARDINERÍA	0,05 €	0,01 €	1782,9	92,71 €	14,83 €	107,54 €
114	M2 SEMENTE PRATENSES F-4	0,31 €	0,05 €	5251	1.638,31 €	262,13 €	1.900,44 €
115	kg Substrato vexetal fertilizado	0,65 €	0,10 €	15.258,500	9.918,03 €	1.586,88 €	11.504,91 €
116	ud Camelia de copa	225,17 €	36,03 €	5.000	1.125,85 €	180,14 €	1.305,99 €
	Total xeral				30.923,66 €	4.947,79 €	35.871,45 €

LOTE 7 – ACEIRO

CONCEPTO	PREZO UNITARIO	IVE	UNIDADES	TotalSenIVE	TotalIVE	TotalconIVE
117 kg Aceiro corrugado B 400 S 6 mm	0,80 €	0,13 €	238,290	190,63 €	30,50 €	221,13 €

Aprobado por Resolución
da Alcaldía do

24 XULL 2008

O Secretario,

118	kg Aceiro corrugado B 500 S	0,80 €	0,13 €	10.356,130	8.284,90 €	1.325,58 €	9.610,49 €
	Total xeral				8.475,54 €	1.356,09 €	9.831,62 €

LOTE 8 -MAQUINARIA MOVEMENTO DE TERRAS

	CONCEPTO	PREZO UNITARIO	IVE	UNIDADES	TotalSenIVE	TotalIVE	TotalconIVE
119	Hora Máquina retroscavadora mixta de rodas 70 cv equipada con cazo dianteiro de apertura variable acragador, pluma e brazo extensible traseiro equipado con cazos de 30,40 e 50 cm., incluso operario	35,36 €	5,66 €	1.225	43.316,00 €	6.933,50 €	50.249,50 €
120	Hora Tractor dobre tracción de rodas, 85 cv incluíndo equipo de apeiros composto de subsolador con grada rotativa, grada de discos, rotovator, arado bisurco, remolque, transporte, desbrozadora forestal, fertilizadora e sembradora pratense, incluso operario	31,20 €	4,99 €	185	5.772,00	923,15 €	6.695,15 €
121	Hora Camión volquete, 3 eixes, 12 TM, incluso operario	17,50 €	2,80 €	35	612,50 €	98,00 €	710,50 €
122	Hora Compactador Rodillo Tándem, 3000 kg, dous eixes propulsados, sistema vibración hidrostático, con sistema de espaxado de auga, incluso operario	34,43 €	5,51 €	55	1.893,65 €	303,05 €	2.196,70 €
	Total xeral				51.594,15 €	8.257,70 €	59.851,85 €


ANEXO 2: MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

D. con domicilio en
 rúa nº, código
 postal....., teléfono, fax
 titular do NIF nº, actuando en nome propio (ou en
 representación de, con NIF/CIF
 e domicilio en, rúa
, nº, código postal,
 teléfono fax) toma parte no procedemento
 convocado polo Concello de Oroso para a ADXUDICACIÓN DA
 SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL CON DESTINO Á OBRAS MUNICIPAIS, e fai
 constar que coñece e acepta o prego de cláusulas administrativas e técnicas que
 rexe o dito contrato e que se compromete a realizar a subministración con
 suxeición ao mesmo, polo importe que se sinala a continuación:

Nº Lote	Código Material	Unidades	Denominación Subministración	Prezo Unitario	IVE Prezo Unitario	Total (Unidades*Prezo+IVE)

.....dede

O Licitador (firmado e rubricado)



Aprobado por Resolución
 da Alcaldía do
 24 XULL 2008
 Secretario,

ANEXO 3: MODELO DE PETICIÓN DE MATERIAL

D., director técnico da obra

....., de acordo co prego de prescricións administrativas do contrato de subministración de materiais suscrito para a execución da devandita obra, estima conveniente facer a seguinte petición de material para o normal execución desta, de acordo co Proxecto Técnico aprobado:

CÓDIGO DE MATERIAL	Tipo de Material	Unidades

Oroso,, de.....

Asdo.: O Director da Obra

Aprobado por Resolución da Alcaldía do 31

24 XULL 2008

O Secretario,


ANEXO 3: MODELO DE FOLLA DE CONTROL DE MAQUINARIA

Maquinaria	Hora Inicio	Fecha Inicio	Hora Fin	Data Fin	Total Horas

Oroso,, de.....

Asdo.: O Director da Obra

Asdo. O Contratista



Aprobado por Resolución
da Alcaldía do

24 XULL. 2008

O Secretario,